



MEMORIA DE
ACTIVIDADES

2019

Instituto da Lingua Galega

Edita
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
A Coruña

Correo electrónico: ilgsec@usc.gal

Páxina web: <http://ilg.usc.gal/>

Teléfonos

+34 8818 12815

+34 8818 12802

Fax

+34 81572770

Maquetación

Nereida Prada Piñeiro

Maquetado con software libre.

A portada foi deseñada usando imaxes de Harryarts / Freepik.com

Universidade de Santiago de Compostela, xuño de 2020

Índice

LIMIAR	5
RELACIÓN DE LIÑAS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN.....	9
A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG.....	9
1. ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO.....	9
2. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS.....	11
3. PATRIMONIO LÉXICO DA GALLAECIA.....	12
4. VARIACIÓN E CAMBIO NOS DOMINIOS GALEGO E PORTUGUÉS NO SÉCULO XX.....	14
5. CORPUS INFORMATIZADO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (CGPA).....	15
6. ESCRITORIO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO: TEXTOS DOCUMENTAIS (EGPA-DOC), TEXTOS LITERARIOS (EGPA-LIT) (ANTES CORPUS DE TEXTOS ANTIGOS DE GALIZA, COTAGAL).....	15
7. EDICIÓN DA COLECCIÓN MONUMENTAL DO MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE OIA (PONTEVEDRA).....	17
8. EDICIÓN INTERPRETATIVA E INVENTARIO TOPONÍMICO DAS MEMORIAS DEL ARCEBISPADO DE SANTIAGO (1607) DO CÓENGO CARDEAL JERÓNIMO DEL HOYO.....	17
9. APROXIMACIÓN AO ESTUDO DO NOTARIADO E DAS CARACTERÍSTICAS DA SÚA PRODUCCIÓN DOCUMENTAL NUNHA COMARCA DA GALICIA MEDIEVAL: A TERRA DE CALDELAS (COLECCIÓN DO MOSTEIRO DE MONTEDERRAMO).....	18
10. DICCIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS.....	18
11. INVENTARIO TOPONÍMICO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (ITGPA).....	19
12. ARQUIVO DO GALEGO ORAL.....	20
13. CORPUS ORAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (CORILGA).....	21
14. CORPUS DE TEXTOS GALEGOS ESCRITOS POR ESTUDANTES NO ÁMBITO ACADÉMICO (CORTEGAL).....	21
15. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA (RAG).....	22
16. INTEROPERABILIDADE DE RECURSOS E PRODUCCIÓN AUTOMÁTICA DE LINGUAXE NATURAL.....	23
17. A LINGUA DA XENTE NOVA: COMPETENCIA, CAMBIO LINGÜÍSTICO, ACTITUDES E MUDA DE LINGUA.....	25
18. FERRAMENTA ON-LINE PARA EXPERIMENTACIÓN PERCEPTIVA (FOLERPA).....	26
19. PLATAFORMA DE DOCUMENTACIÓN E ANÁLISE DE DATOS DIALECTAIS PERCEPTIVOS.....	26
B. PROXECTOS PROMOVIDOS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS.....	28
CONSULTAS DA PÁXINA WEB DO CENTRO.....	31
ORGANIZACIÓN DE CURSOS, CONFERENCIAS E ENCONTROS LINGÜÍSTICOS.....	33
A. SEMINARIO REFLEXIVIDADE SOCIOLINGÜÍSTICA: CONCEPCIÓNS E CAMBIOS SOCIOCULTURALS.....	33
B. LATEX PARA LINGÜISTAS.....	34

C. CURSO: SOCIOLINGÜÍSTICA CUANTITATIVA: PRESUPOSTOS TEÓRICOS E ANÁLISE DE DATOS NO PROGRAMA GOLDVARB.....	35
D. XXXII CURSO DE LINGUA E CULTURA GALEGAS “GALEGO SEN FRONTEIRAS”.....	36
E. SIMPOSIO ILG 2019: LINGUA, PATRIMONIO E COÑECEMENTO TRADICIONAL.....	37
F. ENCONTROS “QUE ANDAMOS TRAMANDO”.....	39
G. I SEMINÁRIO INTERNACIONAL DE ESTUDOS LINGÜÍSTICOS. GALEGO E PORTUGUÊS: O PASSADO PRESENTE.....	40
A ACTIVIDADE DO PERSOAL INVESTIGADOR.....	41
A. CONFERENCIAS E COMUNICACIÓNS EN CONGRESOS E ENCONTROS CIENTÍFICOS.....	41
B. CURSOS E SEMINARIOS.....	46
C. COMITÉS CIENTÍFICOS E DE REDACCIÓN DE REVISTAS E COLECCIÓNS.....	48
D. PUBLICACIÓNS E RECURSOS DIXITAIS.....	52
PUBLICACIÓNS DO ILG OU DERIVADAS DE ENCONTROS ORGANIZADOS	
POLO ILG.....	52
RECURSOS DIXITAIS.....	53
PUBLICACIÓNS DO PERSOAL DO ILG.....	54
E. TESES EN CURSO DIRIXIDAS POR MEMBROS DO ILG.....	60
F. TESES DEFENDIDAS.....	61
G. TESES DE LICENCIATURA DEFENDIDAS.....	61
H. ESTADÍAS EN CENTROS DE INVESTIGACIÓN.....	61
I. COMUNICACIÓNS PRESENTADAS NO ILG.....	61
J. VISITAS DE INVESTIGACIÓN.....	62
K. PARTICIPACIÓN NA ORGANIZACIÓN DE ENCONTROS CIENTÍFICOS.....	62
L. ACTIVIDADES RELACIONADAS CO ENSINO MEDIO.....	64
M. ACTIVIDADES E PUBLICACIÓNS DE CARÁCTER DIVULGATIVO.....	65
N. CONTRATOS PREDOUTORAIS.....	66
O. PARTICIPACIÓN EN REDES E GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DO PERSOAL INVESTIGADOR VINCULADO.....	66
CONVENIOS, CONTRATOS E CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL.....	67
A. CONVENIOS E CONTRATOS.....	67
B. CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL: ORGANIZACIÓNS SOCIAIS, ACADÉMICAS ETC.	67
RESUMO ECONÓMICO 2019.....	71
RELACIÓN DE RECURSOS DO ILG.....	73
PERSOAL	75

Cumprindo co establecido na normativa que regula o funcionamento e a acción do Instituto da Lingua Galega, nomeadamente no seu regulamento de réxime interno e mais nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, presentamos perante o Consello de Goberno da Universidade a memoria das actividades desenvolvidas polo Instituto durante o ano 2019 para a súa aprobación. Esta memoria foi aprobada polo Consello Científico do Instituto na reunión celebrada o pasado 12 de marzo de 2020 e presentada á súa Xunta de Goberno, que acordou ratificala por unanimidade na reunión celebrada o día 17 de xuño de 2020. Este acto, ademais de obedecer a unha obriga normativa, cumpre tamén a obriga de transparencia necesaria nun centro de investigación que é financiado fundamentalmente con fondos públicos e responde asemade á nosa vontade de dar conta pública do traballo realizado.

No ano 2019, dentro do proceso de reformulación dos institutos de investigación da USC, completouse a transición do Instituto da Lingua Galega, coa formalización do novo censo e a elección dos novos órganos de goberno do instituto. Nese proceso, produciuse a nova adscrición da totalidade dos membros investigadores anteriores, así como a incorporación de dúas novas investigadoras pertencentes ás áreas de Filoloxía Alemá e de Filoloxía Italiana.

Neste ano puxéronse a disposición pública dous novos recursos do ILG: *LEDIGAL. Variación sociolingüística no léxico dispoñible do galego* (<http://ilg.usc.gal/ledigal/>) e *Patrimonio léxico da Gallaecia* (<http://ilg.usc.gal/plg/>). Este último presenta os resultados parciais dun proxecto en desenvolvemento no que participan tamén a Universidade do Porto e o Centro de Estudos em Letras da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro. Este é un subproxecto do proxecto *GEOARPAD Patrimonio cultural da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: valoración e innovación*, financiado a través do programa EP – INTERREG V-A España - Portugal (POCTEP) e, na súa continuación, mediante un convenio coa Xunta de Galicia. Este proxecto forma parte dun eixo de actuación que se vén fomentando nos últimos anos, que é a colaboración con equipos e universidades portuguesas e brasileiras. Nesta liña destaca o *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*, coordinado por Rosario Álvarez e no que participan 21 universidades de Brasil e 3 de Portugal, e que continúa a desenvolverse actualmente, así como o *Corpus informatizado galego-portugués antigo*, dirixido por Xavier Varela e no que participa tamén persoal investigador de universidades portuguesas e brasileiras.

Ademais dos proxectos mencionados, continúan a desenvolverse outros que xa foran tamén iniciados en anos anteriores. Entre eles están algúns de longa duración e de longo alcance, como é o caso do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, que está en conexión con proxectos internacionais como o *Atlas Linguistique Roman (ALiR)* e o *Atlas Linguarum Europae (ALE)*. Nesta anualidade quedou preparado para a súa publicación o volume VII, dedicado ao léxico relativo ao ser humano. Outros proxectos procedentes de anos anteriores están en fase de finalización, prevista para o ano 2020, como son o *Arquivo do galego oral (AGO)*, o *Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega (CORILGA)* e mais a *Ferramenta on-line para experimentación perceptiva (FOLERPA)*. O corpus CORILGA, unha vez rematado, pasará a ser un recurso utilizable de maneira aberta e pública, mentres que o AGO e FOLERPA, recursos xa consultables en aberto, engadirán novas funcionalidades ás xa existentes. Por outra parte, ampliáronse algunhas liñas de investigación e abríronse outras referentes a aspectos

sociolingüísticos da Galicia actual, como cambio lingüístico, actitudes e muda de lingua na xente nova. Cómpre salientar, neste sentido, a investigación sobre cambio lingüístico, que conta cun novo proxecto financiado a través do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, *Variación e cambio nos dominios galego e portugués no século XX*, dirixido por Xulio Sousa. Outro aspecto que merece destacarse neste sentido é o traballo sobre a competencia lingüística do alumnado de educación secundaria e de bacharelato, que en parte están financiados polo Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades a través da Agencia Estatal de Investigación e en parte por medio do convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Tamén son de salientar os resultados da incorporación das dúas novas investigadoras, María José Domínguez Vázquez e María Teresa Sanmarco Bande, que abren novas perspectivas no referente á lexicografía multilingüe e asemade reforzan a investigación interdisciplinaria relacionada coas TIC e coa lingüística computacional, como se pode comprobar nos resultados do proxecto *Interoperabilidade de recursos e produción automática de linguaxe natural*. Esta perspectiva de colaboración con áreas tecnolóxicas xa viña estando presente en anos anteriores, e entre os resultados do ano 2019 poden encontrarse tamén diferentes contribucións relacionadas co proxecto *Inventario toponímico galego-portugués antigo*, como traballos en colaboración con investigadores do CITIUS ou a codirección de TFG presentados na Escola Técnica Superior de Enxeñería. Tamén continúa a colaboración co grupo de Tecnoloxías Multimedia da Universidade de Vigo no proxecto CORILGA.

Con estas actuacións pretendemos avanzar na racionalización e na priorización das liñas de investigación desenvolvidas no ILG. Pretendemos así avanzar na optimización dos recursos humanos e materiais de que dispoñemos, mais sobre todo facer que o traballo deste Instituto, ademais de contribuír a situar a investigación en lingüística galega no nivel internacional, como vén facendo nos últimos anos, sirva tamén de maneira significativa ao coñecemento da realidade lingüística de Galicia e á comprensión dos procesos envolvidos nela. Desta maneira o ILG poderá contribuír de maneira máis eficaz ao desenvolvemento de estratexias de planificación lingüística e de novas aplicacións.

Os resultados da investigación levada a cabo no centro foron presentados en congresos e reunións tanto de ámbito español coma internacional, así como a través dun número importante de publicacións en revistas especializadas e en libros de editoras galegas e internacionais, como Routledge, Brill, John Benjamins, Oxford University Press, De Gruyter ou Iberoamericana / Vervuert. Tamén se publicou o número 11 de *Estudos de Lingüística Galega*, revista editada polo ILG e que constitúe unha plataforma de intercambio científico co mundo da lingüística, nomeadamente coa lingüística lusófona e hispánica. Ademais, durante o pasado ano presentáronse catro teses de doutoramento dirixidas por membros do ILG, dentro das disciplinas de análise do discurso, sociolingüística, semántica e mais variación e cambio lingüístico. Un número importante de traballos de tese continúa en proceso de elaboración.

O ILG coorganizou o *I Seminario Internacional de Estudos Lingüísticos. Galego e portugués: o pasado presente*, que se celebrou entre o 5 e o 7 de xuño na Universidade Federal Fluminense en Niterói (Brasil), como parte da intensa colaboración académica con universidades brasileiras que se vén mantendo nos últimos anos. Por outra parte, celebrouse o Simposio do ILG correspondente a 2019, titulado *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional* e que reuniu investigadoras e investigadores de universidades e centros de investigación de Portugal e Galicia. Neste simposio participou ademais profesorado de ensino primario e secundario de Galicia, que presentou iniciativas relacionadas co patrimonio lingüístico e cultural levadas a cabo nos seus centros, nalgúns casos a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia no que participa o ILG. Isto permitiu un intercambio entre a investigación universitaria e o traballo de base realizado con

alumnado infantil e xuvenil, que se revelou moi produtivo. O ILG tamén organizou, xunto coa Real Academia Galega, a 32ª edición do Curso de verán “Galego sen fronteiras” de lingua e cultura galegas, que contou coa participación de 70 estudantes procedentes de 20 países diferentes.

Celebráronse, coma en anos anteriores, seminarios, cursos e conferencias sobre temas lingüísticos abertos a toda a comunidade universitaria, a cargo de investigadoras e investigadores procedentes de universidades americanas, como a Univ. Federal do Ceará, Univ. Federal do Pará, Univ. de São Paulo, Univ. Autónoma Metropolitana (México), Univ. de la República (Uruguai), Univ. of Wisconsin-Madison, e europeas, como as Univ. de Zürich, Rennes 2, Sheffield, Leipzig, Tromsø (Noruega), País Vasco, Pompeu Fabra e Rovira i Virgili. Durante o pasado ano realizaron tamén estadias de investigación no ILG, como xa vén sendo habitual, investigadoras e investigadores de universidades brasileiras (Marilucia Barros de Oliveira, da Universidade Federal do Pará; Márluce Coan, da Universidade Federal do Ceará; Valéria Gil Condé, da Universidade de São Paulo; Carlos Eduardo Deoclécio, da Universidade Federal Fluminense), de Uruguai (Juan Manuel Fustes, da Universidad de la República), norteamericanas (Javier Rivas, da University of Colorado Boulder) e europeas (Paul O'Neill, da University of Sheffield e Facundo Reyna, da Christian Albrecht Universität zu Kiel).

Estes son algúns destaques do traballo levado a cabo durante o ano 2019, froito do esforzo e do alento tanto do persoal contratado e do persoal en formación coma do persoal investigador que participou nestes proxectos. Mais estes resultados foron posibles tamén grazas á colaboración con grupos e persoal investigador doutras áreas da Universidade de Santiago de Compostela e doutras universidades, que nos permitiron avanzar no camiño da interdisciplinidade e da construción de sinerxías, que é un dos obxectivos que nos vimos marcando nos últimos anos. É obrigado tamén recoñecer e agradecer o apoio continuado de toda a Universidade de Santiago de Compostela, así como doutras institucións, nomeadamente a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Xunta de Galicia, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, a Fundación Barrié, a Deputación da Coruña e a Fundación Rosalía de Castro, entre outras. O seu alento constante e a súa axuda permitíronnos obter estes resultados, anímámonos a continuar a aprender e a mellorar, dándonos azos para afrontar os retos que se nos presentan e, a pesar das dificultades do momento presente, permíténnos mirar para o futuro con esperanza e confianza.

Xosé Luís Regueira Fernández
Director

Relación de liñas e proxectos de investigación

A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG

1. ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO

IP: Francisco Fernández Rei

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez, Manuel González González, Xulio Sousa, Francisco Dubert García, Carme Hermida Gulías, Antón Santamarina, José Manuel Dopazo Entenza, Lucía Doval Iglesias, Raquel Vila-Amado

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez, Miguel Anxo Solla Portela

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/atlas-linguistico-galego-alga>

RECURSO DIXITAL: <http://ilg.usc.gal/indices/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

O equipo encargado do devandito proxecto desenvolveu as seguintes actividades en 2019:

1. Finalización do transvasamento dos datos do volume VIII Agricultura (I) ao novo sistema informático do ALGa. Así mesmo, realizáronse os últimos 40 mapas e lendas correspondentes a este volume. Actualmente atopámonos nunha segunda fase de revisión de lendas e mapas correspondentes a A terra e o cultivo e A preparación da terra. Ademais, continuamos revisando toda a información introducida na base de datos nos 167 puntos de enquisa.
2. Realización de 69 mapas sobre aves correspondentes ao volume sobre fauna.
3. Revisión, actualización e depuración da base de datos do proxecto co fin de preparar a información que se utilizará nos volumes en edición. Realizáronse as seguintes accións:
 - Adaptación da aplicación de consulta da base de datos á nova versión do programa.
 - Corrección e modificación do mapa base que se emprega no volume VII.
4. Actualización e revisión da base de datos da aplicación Índices do Atlas Lingüístico Galego. Revisáronse os datos correspondentes ao volume VI e iniciouse a incorporación de novas entradas con símbolos fonéticos (volumes I e III) no sistema UNICODE. Tamén se comezou coa incorporación dos datos correspondentes aos índices do volume VII.

5. Mantemento e actualización da páxina web do proxecto do Atlas Lingüístico Galego.
6. Revisión e maquetación final do volume VII, que xa está finalizado e listo para a impresión. O novo volume aparecerá en 2020.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Álvarez, Rosario (2019): “Continuidade e diverxencia: tensión xeolingüística na fachada atlántica da Península Ibérica”, *I Seminário Internacional de estudos linguísticos: Galego e Português, o passado presente*. Niterói-RJ, 5-7 de xuño de 2019.
- Álvarez, Rosario (2019): Conferenciante convidada, *Unha ponte de palabras. Variación léxica e historia cultural*. Instituto de Letras da Universidade Federal da Bahia. Salvador-BA, 27 de marzo de 2019.
- Álvarez, Rosario (2019): Conferenciante convidada, *Afinidade e diverxencia na fachada atlántica da península ibérica. Galego e portugués*. Instituto de Letras da Universidade Federal da Bahia. Salvador-BA, 28 de marzo de 2019.
- Álvarez, Rosario / Henrique Monteagudo (2019): Minicurso, “Dialectoloxía histórica do galego”, *I Seminário Internacional de estudos linguísticos: Galego e Português, o passado presente*. Niterói-RJ, 5-7 de xuño de 2019.
- Álvarez, Rosario (2019): Conferenciante convidada, *O acervo das variantes xeolectais. Proposta metodolóxica para o seu arquivo*. Instituto de Letras da Universidade Federal da Bahia. Salvador-BA, 24 de setembro de 2019.
- Álvarez, Rosario (2019): Conferenciante convidada, *Galego e portugués. Unha ollada xeolingüística sobre a fachada atlántica*. Universidade do Estado da Bahia (Campus I – Salvador). Salvador-BA, 25 de setembro de 2019.
- Álvarez, Rosario (2019): Conferenciante convidada, *Variación léxica e historia cultural*. Universidade do Estado da Bahia (Campus I – Salvador). Salvador-BA, 2 de outubro de 2019.
- Dubert García, Francisco (2019): “A segmentación do contínuum xeolingüístico no noroeste da Península Ibérica”. En Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lúcia Coimbra / Elisa Fernández Rei / Xulio Sousa / Alberto Gómez Bautista (eds.), *Estudos en variação lingüística nas línguas románicas*. UA Editora / Universidade de Aveiro / Serviços de Biblioteca, Informação Documental e Museología, 15-39.
- Dubert García, Francisco / Xulio Sousa (2019): “Internal and external language borders in the Galician domain”, *International Conference on Language Variation in Europe (ICLaVE) 10*, Leeuwarden/Ljouwert, Holanda, 26-28 xuño de 2019.
- Fernández Rei, Francisco (2019): “O litoral galego e o seu patrimonio léxico”. Limiar en Paco Rivas, *De Ribadeo ao Barqueiro. Navegando a son de costa* [Ferrol]: Embora, 2019, 9-21.
- González González, Manuel (2019): “Distinta suerte de los fenómenos dialectales en el establecimiento de la norma de la lengua gallega”. En *Diversidad: vocablos y voces de las variantes lingüísticas. II Congreso Internacional de Dialectología de Euskaltzaindia*. Bilbao, Euskaltzaindia (Real Academia de la Lengua Vasca), 13-15 de marzo de 2019.
- Sousa, Xulio (2019): “La investigación geolingüística en Galicia: retos y proyectos”. En *Diversidad: vocablos y voces de las variantes lingüísticas. II Congreso Internacional de Dialectología de Euskaltzaindia*. Bilbao, Euskaltzaindia (Real Academia de la Lengua Vasca), 13-15 de marzo de 2019.

- Sousa, Xulio (2019): “Geonomastics on the web: visualizing surname distributions in a regional space”, *Voprosy onomastiki* 16(3), 212-223.

2. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS

IP: Rosario Álvarez Blanco, María Álvarez de la Granja

EQUIPO INVESTIGADOR: Ernesto X. González Seoane, Marta Negro Romero, Xulio Sousa, Eduardo Louredo Rodríguez.

COLABORADORES: Carlos Rogério Silva, David Rodríguez Lorenzo, Ignacio Vázquez Diéguez, Irma Silva Hervella, José Barbosa Machado, José Carlos Rocha Júnior, José Manuel Dopazo Entenza, Maria Joana Gomes, Mariana Fernandes Barbosa, Noelia García Díaz, Paula Filipa Silva, Reyes Rodríguez Rodríguez, Xandra Santos Palmou.

INFORMÁTICA: José Antonio Cutrín Garabal, Miguel Anxo Solla Portela, José Manuel Vázquez Vázquez

OUTRAS ENTIDADES PARTICIPANTES: A relación de membros e universidades participantes, en Galicia, Portugal e Brasil, figuran en <http://ilg.usc.gal/Tesouro/gl/equipo.html>

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/tesouro-do-lexico-patrimonial-galego-e-portugues>

RECURSO DIXITAL: <http://ilg.usc.gal/Tesouro/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

1. Neste ano rematouse o proceso de preparación e incorporación á base de datos dun total de 37 obras, que engaden a suma de 39160 rexistros. A distribución xeográfica é a seguinte: 2 do Brasil (Souza 2008 e Souza 2014, ambas de Minas Gerais), 15 de Portugal (AlvesM 2008_2010, Azevedo 1864ca, BarrosV_2006, Cerqueira 1945, Dias/Tender 2005, Domingos 2004, Fernandes I 2001, Guerreiro 1982, MacedoD 1938, MartinsV 1978, MPS 2006, Pascoal 2010, PintoC 1982, Sá 1982, SousaS et al. 2019) e 20 de Galicia (Ares 2002, Castelao et al. 2012, CIFP M. Antonio 2018, Dopazo 2013, Fernández/Rodríguez 1973, Fraguas 1931, IES Daviña Rey, IES de Carral 2018, Lama 2018, LorenzoF 1929, LorenzoF 1943, Reigada 2008, Reigada 2014, Reigada 2017, Ríos 1977, Ríos 1983, Rivadulla 2018, Santos 2003, Uttaris 2013, Uttaris 2013b).
2. Fíxose un esforzo considerable na incorporación de datos do N de Portugal, co ánimo de servir de base para outros proxectos, nomeadamente o de *Patrimonio Léxico da Gallaecia*. Contouse para iso coa colaboración inestimable de investigadores de lingua portuguesa, sobre todo os parceiros da UTAD e do CLUP, mais grande parte do labor foi asumido no ILG. En total, as 15 obras portuguesas deron un total de 28327 rexistros, o 72,34% do total incorporado neste ano.
3. Consonte a programación, atendeuse tamén á cultura mariñeira, co envorcado da nomenclatura da fauna e flora marítimas de Galicia e outras obras da costa galega (Ríos 1977, Ríos 1983, Dopazo 2013, Ares 2002, Santos 2003, Ribadulla 2018, Fernández/Rodríguez 1973); á incorporación de datos recolleitos no S de Galicia, na proximidade da raia portuguesa (LorenzoF 1929, LorenzoF 1943, Lama 2018, Reigada 2008, Reigada 2014, Reigada 2017); e ás falas do límite oriental, en territorio leonés (Castelao et al. 2012, Uttaris 2013, Uttaris 2013b). Tamén se incorporaron datos procedentes do proxecto *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*, recollidos no ámbito educativo (CIFP M. Antonio 2018, IES de Carral 2018, IES Daviña Rey)

e en lembranza do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas (Fraguas 1931). Están en fase de revisión outras obras que en 2020 achegarán un número importante de rexistros sobre xogos populares en Galicia e léxico marítimo en Portugal, incluíndo os arquipélagos.

4. Actualizouse e incrementouse o inventario de fontes de léxico patrimonial con referencia xeográfica, sobre todo coa busca sistemática de contribucións no sur da Gallaecia, en territorio portugués.
5. A base de datos conxunta está en revisión constante, tanto nos aspectos de lematización (lema e categoría gramatical) coma nos de clasificación semántica. Este labor corresponde ao ILG (IP e equipo directos do proxecto).
6. No marco do programa Mestrado Erasmus Mundus en Lexicografía, recibimos en prácticas os estudantes José Carlos Ximenes Rocha Júnior e Mariana Fernandes Barbosa, que colaboraron asemade neste proxecto e no de Patrimonio Léxico da Gallaecia.
7. Antes de rematar 2019 tramitouse a renovación do convenio de colaboración coa Universidade Federal do Mato Grosso do Sul para dar continuidade á parcería neste proxecto.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Álvarez, Rosario (2019): Conferenciante convidada, *O acervo das variantes xeolectais. Proposta metodolóxica para o seu arquivo*. Instituto de Letras da Universidade Federal da Bahia. Salvador-BA, 24 de setembro de 2019.
- Álvarez, Rosario (2019): Conferenciante convidada, *Variación léxica e historia cultural*. Universidade do Estado da Bahia (Campus I – Salvador). Salvador-BA, 2 de outubro de 2019.
- Álvarez, Rosario (2019): Conferenciante convidada, Unha ponte de palabras. *Variación léxica e historia cultural*. Instituto de Letras da Universidade Federal da Bahia. Salvador-BA, 27 de marzo de 2019.
- Álvarez, Rosario (2019): Conferenciante convidada. *Palabras peregrinas polo Camiño francés a Compostela? Nomes de xogos*. Instituto de Letras da Universidade Federal da Bahia. Salvador-BA, 1 de outubro de 2019.
- Álvarez, Rosario (2019): Seminario para investigadores (convidada). *O Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués. Concepción, metodoloxía, obxectivos e utilidades*. Instituto de Letras da Universidade Federal da Bahia. Salvador-BA, 28 de marzo de 2019/ 23-25 de setembro de 2019.

3. PATRIMONIO LÉXICO DA GALLAECIA

IP: Rosario Álvarez Blanco, María Álvarez de la Granja

EQUIPO INVESTIGADOR: Marta Negro Romero, Ernesto X. González Seoane, Xulio Sousa, Noelia García Díaz, David Rodríguez Lorenzo, Irma Silva Hervella

INFORMÁTICA: José Antonio Cutrín Garabal, Miguel Anxo Solla Portela, José Manuel Vázquez Vázquez, Enxenio, Artenova

OUTRAS ENTIDADES PARTICIPANTES: Centro de Linguística da Universidade do Porto, Centro de Estudos em Letras da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro

FINANCIAMENTO: Programa INTERREG V-A España - Portugal (POCTEP) (0358_GEOAPARD_1_E-4). PO FEDER Galicia 2014-2020 “Unha maneira de facer Europa”.

PÁXINA WEB: <https://ilg.usc.gal/gl/proxectos/patrimonio-lexico-da-gallaecia>

RECURSO DIXITAL: <https://ilg.usc.gal/plg/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

1. Mellora do sistema para vincular xeosinónimos e establecer conceptos. A nova aplicación, ademais das funcionalidades anteriores, permite realizar buscas a través das palabras das definicións, realizar filtrado por obras, mostrar a categoría gramatical do lema e habilitar a ordenación por cada unha das columnas na táboa de resultados.
2. Establecemento dunha aplicación para a vinculación dos lemarios galego e portugués de cara a permitir a súa representación cartográfica conxunta.
3. Establecemento dunha aplicación para a tradución dos conceptos galegos ao portugués.
4. Vinculación de lemas para 150 conceptos pertencentes a 8 campos temáticos, usando as novas aplicacións.
5. Deseño e elaboración da ferramenta *Patrimonio léxico da Gallaecia* para a visualización da xeosinonimia (<https://ilg.usc.gal/plg/mapa/>).
6. Deseño dunha páxina web que contén a ferramenta anterior e toda a información vinculada (equipo, funcionamento do recurso, resultados etc.) (<https://ilg.usc.gal/plg/>).
7. Enriquecemento da base léxica da que se extraen os datos para o establecemento de conceptos, especialmente con obras galegas e do Norte de Portugal (vid. o proxecto 2, *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*).
8. Participación nunha nova convocatoria do Plan Proxecta da Xunta de Galicia, co proxecto *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*. No curso 2018-2019 participaron 7 centros galegos e estendeuse o programa de modo experimental a un centro do norte de Portugal (https://ilg.usc.gal/PaLeGa/?page_id=68).

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Álvarez, Rosario (dir.), María Álvarez de la Granja (dir.), Ernesto González Seoane, Marta Negro Romero, Xulio Sousa: *Patrimonio léxico da Gallaecia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<https://ilg.usc.gal/plg/>>.
- Álvarez, Rosario (2019): “*Patrimonio léxico da Gallaecia (PLG): xeolingüística, diacronía e estandarización*”, *Simposio ILG 2019: Lingua patrimonio e coñecemento tradicional*, Santiago de Compostela, 5-7 de novembro de 2019.
- Álvarez de la Granja, María (2019): “Un novo recurso para o coñecemento do vocabulario dialectal: *Patrimonio léxico da Gallaecia*”, *Simposio ILG 2019: Lingua patrimonio e coñecemento tradicional*, Santiago de Compostela, 5-7 de novembro de 2019.
- Álvarez de la Granja, María (2019): “La conceptualización del amanecer y del anochecer en gallego y portugués”, *Congreso Internacional EUROPHRAS 2019. Modelos productivos en Fraseología*, Santiago de Compostela, 24-25 de xanero de 2019.

- Barbosa Machado, José / Marta Negro Romero (2019): “Língua, patrimonio e coñecimento tradicional”, *Encontro Científico e Apresentação de Resultados: O caminho Português interior de Santiago de Compostela*, Vila Real (Portugal), Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, 10 de xaneiro de 2019.
- García Díaz, Noelia / Irma Silva Hervella (2019): “Hai moito peixe no mar: as denominación da sardiña pequena en Galicia e Portugal”, *Simposio ILG 2019: Lingua patrimonio e coñecemento tradicional*, Santiago de Compostela, 5-7 de novembro de 2019.
- Negro Romero, Marta / Sónia Valente Rodrigues (2019): “Traballar con léxico nas aulas: o programa Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional”, *Simposio ILG 2019: Lingua patrimonio e coñecemento tradicional*, Santiago de Compostela, 5-7 de novembro de 2019.
- Rodríguez Lorenzo, David (2019): “Distribución espacial de variantes do léxico da agricultura no proxecto PLG”, *Simposio ILG 2019: Lingua patrimonio e coñecemento tradicional*, Santiago de Compostela, 5-7 de novembro de 2019.
- Santos Palmou, Xandra / Marta Negro Romero / Sandra Pereira (2019): “A língua da raia galaico-portuguesa”, *XXXIX Congreso de la Sociedad de Hispanistas Franceses: Fronteras en el mundo ibérico e iberoamericano*, Pau (Francia), 5-7 de xuño de 2019.
- Sousa, Xulio (2019): “Métodos de documentación lingüística e léxico tradicional: á procura de palabras esquecidas”, *Simposio ILG 2019: Lingua patrimonio e coñecemento tradicional*, Santiago de Compostela, 5-7 de novembro de 2019.

4. VARIACIÓN E CAMBIO NOS DOMINIOS GALEGO E PORTUGUÉS NO SÉCULO XX

IP: Xulio Sousa

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco Dubert, Aquilino S. Alonso Núñez.

OUTRAS ENTIDADES PARTICIPANTES: CSIC

FINANCIAMENTO: FEDER/Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades – Agencia Estatal de investigación / Proxecto PGC2018-095077-B-C44.

PÁXINA WEB: http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/VARCAM_GP

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

- Introducción de datos de puntos de Asturias, León e Zamora.
- Clasificación dos materiais correspondentes ás localidades do dominio galego
- Análise de variables léxicas e morfosintácticas (publicacións derivadas)

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- Negro Romero, Marta / Xulio Sousa (2019): “Áreas léxicas e dominios lingüísticos no noroeste da península ibérica”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 22, 223-239. <<https://doi.org/10.5209/madr.66861>>.
- Sousa, Xulio (2019): “From field notebooks to the computer screen: the digital edition of the Atlas Lingüístico de la Península Ibérica”, *Nouveaux regards sur la variation dialectale. Colloque international*. Sobenne Université. París. 21-23 de novembro de 2019.

- Sousa, Xulio (2019): “Métodos de documentación lingüística e léxico tradicional: á procura de palabras esquecidas”, *Simposio ILG 2019: Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 5-7 de novembro de 2019.

5. CORPUS INFORMATIZADO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (CGPA)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Ricardo Pichel Góterrez, Xosé Carracedo Fraga, José António Souto Cabo, Maria Francisca Xavier, Rosário Ferreira, Charlotte Galves, Leonardo Lennertz Marcotúlio, Juan Carrasco González

OUTRAS ENTIDADES PARTICIPANTES: Centro de Lingüística da Universidade Nova de Lisboa / Universidade de Extremadura / Universidade de Coimbra / Universidade Federal do Rio de Janeiro

RECURSO DIXITAL: <https://ilg.usc.es/tmilg/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

O foco do traballo foi a realización dunha nova codificación filolóxica e diplomática da documentación da Terra de Caldelas (norleste de Ourense) desde a que abordar o estudo sistemático da scripta e do contexto socioprofesional dos notarios e scriptores desa área ourensá. Foron sometidas ao procesamento as coleccións de Montederramo (edición de R. Lorenzo coa colaboración de Maka Pérez [2016]), de Xunqueira de Espadanedo (edición de Ana Gordín e Luisa Peña [2018]) e de Sobrado de Trives (edición de Antonio Martínez Sáez [1986]).

6. ESCRITORIO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO: TEXTOS DOCUMENTAIS (EGPA-DOC), TEXTOS LITERARIOS (EGPA-LIT) (ANTES CORPUS DE TEXTOS ANTIGOS DE GALIZA, COTAGAL)

IP: Ricardo Pichel Góterrez, Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Pedro Dono López, Miguel García-Fernández, Ramón Mariño Paz, Camilo Fernandez Cortizo.

INFORMÁTICA: Ricardo Pichel

PROXECTOS DE COOPERACIÓN: Proxecto HERES (dir. Ricardo Pichel, Univ. Alcalá), Proxecto CHARTA 3.0 (dir. Ricardo Pichel, Univ. Alcalá), Biblioteca Dixital da Galicia Medieval (dir. Xavier Varela Barreiro), Xelmírez (dir. Xavier Varela Barreiro), Corpus Informatizado Galego-Portugués Antigo (dir. Xavier Varela Barreiro), Red Internacional CHARTA (coord. Belén Almeida Cabrejas, Univ. Alcalá)

FINANCIAMENTO: Proxecto Atracción de Talento da Comunidade de Madrid (Mod. 1)

PÁXINA WEB: <https://ilg.usc.es/gl/proxectos/corpus-de-textos-antigos-de-galicia-cotagal>

RECURSO DIXITAL: www.cotagal.org

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

Por unha parte, iniciáronse os traballos informáticos para a migración do corpus COTAGAL, até agora local e de acceso restrinxido, a unha nova estación de traballo e plataforma de consulta, de acceso libre en liña, denominada EGPA (*Escritorio Galego-Portugués Antigo*). Por outra parte, separáronse os textos documentais (EGPA-doc) dos literarios (EGPA-lit) para un tratamento informático distinto en dúas plataformas web diferenciadas: no primeiro caso dentro do sistema TEITOK (<http://www.teitok.org/>); no segundo con base na plataforma da BiDTEA (Biblioteca Digital de Textos del Español Antigo: <http://www.hispanicseminary.org/textconces.htm>) e do OSTA (Old Spanish Textual Archive) do equipo do HSMS (Hispanic Seminary of Medieval Studies).

Polo que respecta ao arrequeamento textual do EGPA, no que respecta ao corpus documental, continuouse cos traballos de transcripción, revisión e reedición da colección diplomática íntegra correspondente á tese de doutoramento de Margot Sponer (publicada parcialmente como *Documentos antiguos de Galicia, 1934*). Canto ao corpus literario, continouse cos labores de transcripción, etiquetado e presentación crítica das traducións galegas da *General estoria* (RBE ms. O.I.1) e da *Estoria de España* (BUSal 2497), da *Crónica de 1404* (HSA B.2278, BMP 62) e dos fragmentos conservados das Partidas e outros textos xurídicos.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- Mariño Paz, Ramón / Ricardo Pichel (2019): “Apócope extrema e influencia castellanizante en la prosa gallega del siglo XIV”, *Estudis Romànics* 41, 7-39.
- Pichel, Ricardo (2019): “As estorias troianas de Afonso X a Pedro I: balance e novas perspectivas de estudo”, *I Xornada de Investigación Troianalexandrina. A Materia de Troia na Península Ibérica: Novas perspectivas*, Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2019.
- Pichel, Ricardo (en colaboración con C. Taberner Salas e A. Enrique-Arias) (2019): Mesa redonda “Documentación en contacto con otras lenguas peninsulares (siglos XVI-XIX)”, *Documentos y monumentos para la historia de la lengua española: VI Congreso de la Red Internacional CHARTA*, Sevilla, 11 de setembro de 2019.
- Pichel, Ricardo (2019): “A receção das Vidas e paixões dos Apóstolos no Ocidente peninsular: um novo testemunho fragmentário do Livro II de Bernardo de Brihuega”, *Portugal, os clássicos e a cultura europeia: colóquio de homenagem a A.A. Nascimento no seu 80.º aniversário*, Lisboa, 18 de xullo de 2019.
- Pichel, Ricardo (2019): “Paleografía castellana, gallega y portuguesa”, *V Seminario Internacional PhiloBiblon BNE-UCM*, Biblioteca Nacional de España, 19 de xuño de 2019.
- Pichel, Ricardo (2019): “Editar textos medievales en el siglo XXI”, *La Edición (Digital) de Textos Medievales Hispánicos*, CSIC (Madrid), 9 de maio de 2019.
- Pichel, Ricardo (2019): “O latín arromanzado do Foro de Pontevedra (1169)”, en X. Abilleira Sanmartín (coord.), *Estudios sobre o Foro de Pontevedra (1169)*, Pontevedra: Concello de Pontevedra, 95-103.
- Pichel, Ricardo e Pablo Sánchez Ferro (2019): “O legado haxiográfico de Bernardo de Brihuega en Ourense”, *Fronda. Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense* 82, ano 13, maio-xuño 2019.

7. EDICIÓN DA COLECCIÓN MONUMENTAL DO MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE OIA (PONTEVEDRA)

IP: Ana Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Ramón Lorenzo Vázquez, M^a del Carmen Pérez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

Durante o ano 2019 o equipo responsable do proxecto realizou as seguintes actuacións:

1. Cos novos avances tecnolóxicos as fontes que se estaban empregando para a edición dos textos quedaron obsoletas, por iso procedemos a cambialas por unha fonte Unicode que permita a súa publicación futura na web. Neste ano fíxemolo en 422 documentos.
2. Foron revisados 113 xa transcritos.
3. Na edición do corpus medieval do mosteiro de Santa María de Oia, Pontevedra, transcribíronse os documentos 1-10 da carpeta 1849 do Archivo Histórico Nacional.
4. Cos novos datos obtidos da dita transcripción seguimos enchendo, mantendo e ampliando a nosa base de datos, creada por nós cos datos dos fondos documentais do mosteiro, que inclúe información imprescindible para a súa organización e manexo, dado o alto volume de documentación manexado (entre outras, data, tipoloxía documental, nome do notario ou escriba etc.).

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2019): “Proposta para a estandarización dos nomes na edición de textos medievais”, *Liceo Franciscano*, 212 (xaneiro-xuño), 45-78.

8. EDICIÓN INTERPRETATIVA E INVENTARIO TOPONÍMICO DAS MEMORIAS DEL ARCEBISPADO DE SANTIAGO (1607) DO CÓENGO CARDEAL JERÓNIMO DEL HOYO

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Eduardo Moscoso Mato, Camilo Fernández Cortizo

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

Durante o ano 2019 realizáronse as seguintes actuacións:

1. Revisión da transcripción do manuscrito, realizada no período correspondente ao convenio 2017-2018. Esta revisión foi realizada polo membros do equipo de traballo, e aínda non está rematada, xa que se prevé que a persoa contratada comece o seu labor en decembro do 2019 e acabe de realizar esta tarefa.
2. Comezo de realización da edición interpretativa: estase realizando este traballo ao mesmo tempo que o anterior, o cal tamén resulta útil para poder detectar posibles melloras no proceso de transción do manuscrito.

9. APROXIMACIÓN AO ESTUDO DO NOTARIADO E DAS CARACTERÍSTICAS DA SÚA PRODUCCIÓN DOCUMENTAL NUNHA COMARCA DA GALICIA MEDIEVAL: A TERRA DE CALDELAS (COLECCIÓN DO MOSTEIRO DE MONTEDERRAMO)

IP: Eduardo Moscoso Mato

EQUIPO INVESTIGADOR: Xavier Varela Barreiro, Ricardo Pichel Gotérrez, Xosé Carracedo Fraga, Mariña Bermúdez Beloso, Miguel García Fernández, José Ramón Ríos Viqueira

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

Durante o ano 2019, realizáronse as seguintes actuacións:

1. Realización do deseño, por parte dos membros do equipo, da estrutura da ficha correspondente a cada notario, na que se introducirá tanto a información específica sobre o propio notario (a que se poida acadar sobre a súa biografía profesional) como a correspondente á súa produción e características.
2. Comezo de introdución na base de datos da información correspondente á colección documental do mosteiro ourensán de Montederramo, a partir da codificación realizada como cabezal introductorio dos documentos no CGPA (*Corpus Galego Português Antigo*).
3. Inicio do labor de escolma dun corpus parcial de documentos desta colección representativo da actividade notarial, que servirá como base de estudo das características máis relevantes e visibles da scripta, do repertorio formulístico e dos trazos de oralidade do corpus seleccionado. Para esta tarefa tamén se está tendo en conta a colección documental de Santa María de Xunqueira de Espadanedo, que tamén se acabou de informatizar e codificar por parte do equipo de traballo durante este ano.

10. DICCIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS

IP: Ana Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Gonzalo Navaza, Antón Palacio Sánchez, Luz Méndez Fernández

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/diccionario-dos-apelidos-galegos>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

O *Diccionario dos apelidos galegos* parte do Censo de Poboación de Galicia do Instituto Nacional de Estadística (Madrid), do ano 2001. Tras un labor de ordenación e depuración desa base de datos seleccionáronse os apelidos con máis de 30 ocorrencias, o que abrangue aproximadamente o 96% do total da poboación e comporta preto de 5.800 apelidos, número que se incrementou ao se engadiren variantes (ortográficas ou dialectais, fundamentalmente) que non chegan ao límite das 30 ocorrencias. Cada unha das entradas, encabezada por unha forma estándar, inclúe información tipolóxica (deantroponímica, detoponímica, delexical), etimolóxica, histórica e xeográfica. Durante o ano 2019 rematouse a redacción das entradas, que constitúen neste momento un total de 6.625. Simultaneamente, publicáronse achegas por parte dos seus membros en diversos aspectos da toponimia (fonte fundamental dos apelidos galegos) ou antroponimia.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2019): “O artificio das etimoloxías: elementos constitutivos da toponimia galega”. En Ernestina Carrillho / Ana María Martins / Sandra Pereira / João Paulo Silvestre (orgs.), *Estudos Lingüísticos e Filolóxicos Oferecidos a Ivo Castro*. Lisboa: Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa, 277-319. <<http://hdl.handle.net/10451/39619>>.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2019): “A toponimia galega en branco e negro”. En Xosé A. Fernández Salgado / Aquilino S. Alonso Núñez (eds.), *Non habrá illa, pro hai o nome. Homenaxe a Antón Palacio*. Vigo: Universidade de Vigo, 343-366.
- Méndez, Luz (2019): “Apelidos foráneos de Galicia”. En Xosé A. Fernández Salgado / Aquilino S. Alonso Núñez (eds.), *Non habrá illa, pro hai o nome. Homenaxe a Antón Palacio*. Vigo: Universidade de Vigo, 415-431.
- Navaza, Gonzalo (2019): “Santa Baia das Donas de antano. Notas etimolóxicas”. En Xosé A. Fernández Salgado / Aquilino S. Alonso Núñez (eds.), *Non habrá illa, pro hai o nome. Homenaxe a Antón Palacio*. Vigo: Universidade de Vigo, 433-443.

11. INVENTARIO TOPONÍMICO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (ITGPA)

IP: Eduardo Moscoso Mato

EQUIPO INVESTIGADOR: Xavier Varela Barreiro, Paulo MartínezLema, Rocío Dourado Fernández, José Ramón Ríos Viqueira, Xavier Afonso Canosa Rodríguez.

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.es/gl/proxectos/inventario-toponimico-da-galicia-medieval-itgm>

RECURSO DIXITAL: <http://ilg.usc.gal/itgm/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

En colaboración co grupo COGRADE da USC, no marco da rede TecAnDali e coa cobertura do Instituto da Lingua Galega e do CiTIUS, desenvolveuse, como proxecto en parcería, a elaboración dunha nova base de datos para o inserimento e posterior explotación de información toponímica galego-portuguesa tirada da documentación procesada no Corpus Galego-Portugués Antigo.

Como continuación desta liña, na segunda metade de 2019 e durante o ano 2020 púxose en marcha, tamén como TFG na Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago de Compostela, a fabricación dun extractor automático de topónimos que permitirá cubrir o paso dos materiais dos textos á base de datos.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Canosa Xavier / Pablo Gamallo/ Francisco Xavier Varela Barreiro / José Ángel Taboada / Paulo Martínez Lema / Marcos García (2019): “Uma Utilidade para o Reconhecimento de Topónimos em Documentos Medievais / A Tool for Toponym Recognition in Medieval Documents”, *LinguaMÁTICA*, 11, 1, 3-15.
- Elaboración do seguinte TFG: Rey Presas, Andrea (2019): *Explotación del inventario toponímico gallego-portugués antiguo*. TFG presentado na Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago de Compostela, coa dirección de José Ramón Ríos Viqueira e Xavier Varela.

12. ARQUIVO DO GALEGO ORAL

IP: Francisco Fernández Rei

EQUIPO INVESTIGADOR: Concepción Álvarez Pousa, Carme Ares Vázquez, Xosé Henrique Costas González, José Manuel Dopazo Entenza, Carme Hermida Gulías, Xavier Varela Barreiro

INFORMÁTICA: Miguel Anxo Solla Portela

FINANCIAMENTO: Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (2017-2020).

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/arquivo-do-galego-oral-ago>

RECURSO DIXITAL: <http://ilg.usc.gal/ago/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

Durante o ano 2019 leváronse a cabo as seguintes accións:

1. Revisión de 100 transcricións das xa incluídas no Arquivo do Galego Oral.
2. Procesamento de 4h. 30min. de audios para a nova plataforma (110 arquivos).
3. Transcrición de 10 novos textos.
4. Adaptación dos 110 arquivos transcritos ao sistema de aliñamento mediante o programa ELAN
5. Dixitalización de novos materiais en formato cassette e minidisk.
6. Deseño da primeira fase do buscador.
7. Deseño da primeira fase do aliñador audio-texto.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- Álvarez Pousa, Concepción (2019): “O vianés e o galego da área zamorana. Particularidades en común destas variedades do galego oriental”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 22, 15-30. <<https://doi.org/10.5209/madr.66849>>.
- Álvarez Pousa, Concepción (2019): “A variedade valdeorresa do galego oriental e a súa presenza na lingua literaria de Florencio Delgado Gurriarán”, *II Ciclo de conferencias Florencio Delgado Gurriarán*, A Rúa, Ourense, 29 de novembro de 2019.
- Costas González, José Henrique (2019): “A toponimia ameazada da Galicia exterior”. En X. A. Fernández Salgado / A. Alonso Núñez (eds.), *Non haberá illa, pro hai o nome. Homenaxe a Antón Palacio*. Vigo: Universidade, 367-386.
- Dopazo Entenza, José Manuel (2019): “Os valores comunicativos do silencio”, *IV Simposio Internacional EDiSo: Vozes, silêncios e silenciamentos nos estudos do discurso*, Santiago de Compostela, Asociación de Estudos sobre discurso y sociedad, 5-7 de xuño de 2019.
- Dopazo Entenza, José Manuel (2019): “Alteracións de [s] en coda silábica na Illa de Ons”, *Estudios Hispánicos XXVII*, 25-39.
- Fernández Rei, Francisco (2019): “A elaboración do galego moderno”, *Chornada A lingua galega. Lengua, música y cultura*. Barcelona. Organizado pola Colla de charradors “O Corrinche”, coa colaboración do Centro Aragonés de Barcelona e a Secció de Filología Romànica de la Universitat de Barcelona, 24 de maio de 2019.
- Fernández Rei, Francisco (2019): Conferencia “A fala de Fefiñáns”, Pazo de Fefiñáns, Cambados, Asociación “Amig@s de Fefiñáns”, 27 de decembro do 2019.

13. CORPUS ORAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (CORILGA)

IP: Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Elisa Fernández Rei, Noemí Basanta Llanes, Daniel Amarelo Montero, Reyes Rodríguez Rodríguez, Inmaculada Alonso Rodríguez, Noelia García Díaz

INFORMÁTICA: Miguel Anxo Solla Portela, José Antonio Cutrín Garabal

FINANCIAMENTO: Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (2017-2020).

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/corpus-oral-informatizado-da-lingua-galega-corilga>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

Efectuáronse melloras no sistema de subida dos arquivos e no aliñamento, aínda que persisten problemas con algúns arquivos. Seguiuse co traballo de revisión de transcricións previas e con novas transcricións, especialmente con textos de redes sociais.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Basanta Llanes, Noemi (2019): “*De mozos nunca estiveron no teleclub: identidades cronotópicas*”. *IV Simposium Internacional EDiSo. Voces, silencios e silenciamentos nos estudos do discurso*, Santiago de Compostela, Asociación de Estudos sobre discurso y sociedad, 5-7 de xuño de 2019.
- Fernández Rei, Elisa / Xosé Luís Regueira Fernández (2019): “Cambio lingüístico, ruralidade e creación de novas identidades sociais”, *IV Simposium Internacional EDiSo. Voces, silencios e silenciamentos nos estudos do discurso*, Santiago de Compostela, Asociación de Estudos sobre discurso y sociedad, 5-7 de xuño de 2019.
- Fernández Rei, Elisa / Xosé Luís Regueira (2019): “CORILGA: un corpus para o estudo da variación e do cambio lingüístico no galego falado”. En Marta Blanco / Hella Olbertz / Victoria Vázquez Rozas (eds.), *Corpus y construcciones. Perspectivas hispánicas*. Anexo 79 de *Verba*, 221-243.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (2019): “Variación fonética, a lingua da esfera pública e estándar oral: entre a lingüística e a política”. *Revista Galega de Filoloxía* 20, 119-147.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (2019): A esfera pública nunha lingua minorizada: contacto, estándar e ideoloxía en Galicia”. *I Jornadas em Línguas Minoritárias*. Univ. de Aveiro, 6 de decembro de 2019.
- Regueira Fernández, Xosé Luís / Elisa Fernández Rei (2019): “Corpus orais: CORILGA”, *Curso de verán Corpus textuais: teoría e práctica*, Facultade de Filoloxía, Santiago de Compostela, 1-5 de xullo de 2019.

14. CORPUS DE TEXTOS GALEGOS ESCRITOS POR ESTUDANTES NO ÁMBITO ACADÉMICO (CORTEGAL)

IP: María Álvarez de la Granja, Ernesto X. González Seoane

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco A. Cidrás Escáneo, Xosé Antonio Fernández Salgado, Bieito

Silva Valdivia, Iria del Río Gayo, Marten Janssen, Catarina Magro, Vitor Míguez.

FINANCIAMENTO: FEDER/Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades – Agencia Estatal de Investigación/ Proxecto PGC2018-096069-B-I00.

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/corpus-de-textos-galegos-escritos-por-estudiantes-no-ambito-academico-ferramenta>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

Durante o ano 2019 leváronse a cabo as seguintes accións:

1. Dixitalización do 100% dos textos que conforman CORTEGAL (1000 textos).
2. Transcrición manual do 100% dos textos na plataforma TEITOK, con marcación das formas suprimidas e das formas engadidas pola/polo estudante no proceso de elaboración do texto.
3. Deseño da cabeceira dos textos.
4. Deseño dun borrador para a clasificación dos problemas gráficos, morfolóxicos e léxicos de CORTEGAL.
5. Análise dalgúns aspectos gramaticais dos textos de CORTEGAL.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- Álvarez de la Granja, María (2019): “Análise de flexión verbal en textos de estudantes galegos”, *I Jornadas em Línguas Minoritárias*, Aveiro (Portugal), 6 de decembro de 2019.

15. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA (RAG)

IP: Rosario Álvarez

EQUIPO INVESTIGADOR: María Álvarez de la Granja, Francisco A. Cidrás Escáneo, Francisco X. Dubert García, Elisa Fernández Rei, Ernesto X. González Seoane, Xosé Luís Regueira Fernández e Xosé Xove Ferreiro.

OUTRAS ENTIDADES PARTICIPANTES: Real Academia Galega.

FINANCIAMENTO: Convenio asinado entre a USC e a RAG (2011-2013), prorrogado anualmente sen custos.

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/gramatica-da-lingua-galega>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

Este equipo ten a encarga de redactar a gramática institucional da Real Academia Galega, ao abeiro dun convenio de colaboración que se renova anualmente sen contrapartida económica. Os traballos avanza de forma continua mais paseniñamente. Non foi posible rematala no ano saínte, como foi comunicado en prazo aos responsables da Real Academia Galega, pero os esforzos están concentrados en cumprir o compromiso no prazo mais breve posible.

En relación con ela está o proxecto ConVerSO (= *Construcións verbais e sintaxe da oración*), que viña funcionando como unha actividade autónoma, a partir tamén dunha colaboración do ILG (a través de membros do equipo de gramática) e o Seminario de Gramática da RAG. O banco de datos construído (IPs: Xosé Xove / Rosario Álvarez), que serve de base para boa parte da descrición na gramática institucional, está en revisión permanente por parte de Xosé Xove.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Álvarez, Rosario (2019): “A fuego lento. La ansiada gramática de la RAG”, *Gramatikak XXI. mendean - Las gramáticas en el siglo XXI*, Donostia, 11 de xullo de 2019.

16.INTEROPERABILIDADE DE RECURSOS E PRODUCCIÓN AUTOMÁTICA DE LINGUAXE NATURAL

IP: María José Domínguez Vázquez

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco A. Cidrás Escáneo, Xavier Gómez Guinovart, María Teresa Sanmarco Bande, Miguel Anxo Solla Portela, Carlos Valcárcel Riveiro

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/interoperabilidade-de-recursos-e-produccion-automatica-de-linguaxe-natural>

RECURSO DIXITAL: <http://portlex.usc.gal/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

O equipo encargado desta liña desenvolveu durante 2019 as seguintes actividades:

1. Creación dunha API para o galego: <http://portlex.usc.gal/develop/gl/api/>
2. Avaliación da interoperabilidade de ferramentas.
3. Análise de novos métodos de aplicación para a xeración automática da linguaxe e a combinatoria argumental, como os *word embeddings*.
4. Análise da viabilidade de ferramentas para a tradución e extracción automática de paquetes léxico-lingüísticos multilingües a partir do Galnet.
5. Organización do Workshop: *Selección y procesamiento del léxico. Generación automática de la argumentación nominal* (24-25/01/2019). Rovira i Virgili. Tarragona.
6. Organización do Workshop: *Ontologías de semántica lingüística: clases en el lexicón para la generación de frases nominales* (16-17/05/2019). Universidad Complutense de Madrid.
7. Organización do Workshop: *Hacia el prototipo de diccionario valencia de ejemplos nominales automáticos* (10-11/12/2019). USC.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Domínguez Vázquez, María José / Miguel Anxo Solla Portela / Carlos Valcárcel Riveiro (2019): “Resources interoperability: exploiting lexicographic data to automatically generate dictionary examples”. En Kosem, I. et al. (eds.), *Electronic lexicography in the 21st century. Proceedings of the eLex 2019 conference*. 1-3 October 2019, Sintra, Portugal. Brno: Lexical Computing CZ, s.r.o., 51-71.
<https://elex.link/elex2019/wp-content/uploads/2019/09/eLex_2019_4.pdf>.
- Domínguez Vázquez, María José / María Teresa Sanmarco Bande / Miguel Anxo Solla Portela / Carlos Valcárcel Riveiro (2019): “Die Einsetzung von neuartigen online Werkzeugen im Fremdsprachenunterricht: multilinguale automatische Generatoren des nominalen Kombinationspotentials“. En *Aussiger Beiträge. Germanistische Schriftenreihe aus Forschung und Lehre. Acta universitatis purkynianae*. Facultatis philosophicae studia germanica. República Checa, 119-137.

- Domínguez Vázquez, María José / Mónica Mirazo Balsa / Carlos Valcárcel Riveiro (eds.) (2019): *Studies on Multilingual Lexicography*, Berlín: De Gruyter.
- Domínguez Vázquez, María José / María Teresa Sanmarco Bande (2019): “Selección y prototipado léxico desde una perspectiva lingüística en la generación automática de la argumentación nominal: ¿De dónde?, ¿A dónde? y ¿Cómo?”, *Workshop Selección y procesamiento del léxico. Generación automática de la argumentación nominal. Tarragona*, Universitat Rovira i Virgili, 24-25 de xaneiro de 2019.
- Domínguez Vázquez, María José / Miguel Anxo Solla Portela / Carlos Valcárcel Riveiro (2019): “Resources interoperability: exploiting lexicographic data to automatically generate dictionary examples”, *Electronic lexicography in the 21st century. eLex 2019 conference*. Sintra, Portugal, 1-3 de outubro de 2019.
- Domínguez Vázquez, María José / Carlos Valcárcel Riveiro (2019): “Kein Henne-Ei-Problem mehr? Verwendung und Verwertung von Daten sowie Ressourcen aus dem NLP-Bereich und der Lexikographie”, *Lexicography at a Crossroads*. Xeorxia, Ivané Javakhishvili Tbilisi State University, 10 de outubro de 2019.
- Domínguez Vázquez, María José (2019): “Del diccionario multilingüe PORTLEX a la generación automática de la complementación nominal: aproximaciones teóricas y metodológicas”, *Workshop: Ontologías de semántica lingüística: clases en el lexicon para la generación de frases nominales*, Universidad Complutense de Madrid, 16-17 de maio de 2019.
- Domínguez Vázquez, María José (2019): “Auf dem Weg zur automatischen Sprachgenerierung: Kombinationspotential der Nominalphrase aus multilingualer Sicht” [Póster], *Humboldt Colloquium “Research without Borders – Alexander von Humboldt’s Legacy Today”*, Madrid, 11-13 abril de 2019.
- Gómez Guinovart, Xavier (2019): “Enriching parallel corpora with multimedia and lexical semantics: From the CLUVI Corpus to WordNet and SemCor”. En Irene Doval / M. Teresa Sánchez Nieto (eds.), *Parallel Corpora for Contrastive and Translation Studies: New resources and applications*, John Benjamins, Amsterdam. 141-158. <<https://doi.org/10.1075/scl.90.09gom>>.
- Sanmarco Bande, María Teresa (2019): “Lexicografía y diccionarios electrónicos: de PORTLEX a MultiGenera y MultiComb”. Seminario por invitación na Università degli Studi di Padova, maio de 2019.
- Sanmarco Bande, María Teresa (2019): “Sobre lexicografía y humanidades digitales”, *Incontri di Orillas*, Università degli Studi di Padova, 14 de maio de 2019.
- Sanmarco Bande, María Teresa / Rosa Martín Gascueña (2019): “MultiGenera y MultiComb, proyectos lexicográficos con aplicaciones didácticas”, *II Jornadas UCM de Lexicografía y Lexicología del español*, Madrid, Facultad de Filología de la Universidad Complutense de Madrid, 7-8 de outubro de 2019.
- Simões, Alberto / Xavier Gómez Guinovart (2019): “Acquiring Domain-Specific Knowledge for WordNet from a Terminological Database”. En Ricardo Rodrigues / Jan Janousek / Luís Ferreira / Luísa Coheur / Fernando Batista / Hugo Gonçalo Oliveira (eds.), *8th Symposium on Languages, Applications and Technologies (SLATE 2019)*, Schloss Dagstuhl / Leibniz-Zentrum fuer Informatik, Dagstuhl, Germany, 6:1-6:13. <<https://doi.org/10.4230/OASlcs.SLATE.2019.6>>.

17. A LINGUA DA XENTE NOVA: COMPETENCIA, CAMBIO LINGÜÍSTICO, ACTITUDES E MUDA DE LINGUA

IP: María Álvarez de la Granja, Henrique Monteagudo, Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Alba Aguiete Cajiao, Noemí Basanta Llanes, Francisco A. Cidrás Escáneo, Elisa Fernández Rei, Ernesto X. González Seoane, M^a Sol López Martínez, Vítor Míguez, Anik Nandi, Reyes Rodríguez Rodríguez, Carme Silva Domínguez, Xulio Sousa.

INFORMÁTICA: José Antonio Cutrín Garabal, Miguel Anxo Solla Portela

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/interoperabilidade-de-recursos-e-produccion-automatica-de-linguaxe-natural>

RECURSO DIXITAL: <http://ilg.usc.gal/ledigal/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

Liña 1: *Análise da competencia escrita en lingua galega do estudantado de 2º de Bacharelato*

Investigadora principal: María Álvarez de la Granja

1. Continuación dos traballos de elaboración do corpus CORTEGAL (vid. proxecto 14).
2. Análise dos resultados obtidos no léxico dispoñible do galego. Preparouse unha ferramenta, de acceso libre, que permite analizar os resultados encontrados no *Léxico dispoñible do galego* (López Meirama / Álvarez de la Granja 2014) (en adiante LDG), de acordo con diferentes variables sociolingüísticas (sexo, lingua inicial, lingua habitual, lugar de residencia, nivel sociocultural etc.). Lémbrese que o LDG recolle vocabulario de alumnado de 2º de Bacharelato. A ferramenta, *LEDIGAL, Variación sociolingüística no léxico dispoñible do galego*, é de acceso libre (<http://ilg.usc.gal/ledigal/>). Así mesmo estudouse a influencia do español nos resultados encontrados no LDG, globalmente e tendo en conta diferentes variables socioculturais.
3. Realización de traballos académicos. Dirixiuse un Traballo de Fin de Grao que comparou os resultados obtidos no LDG co obtido entre o alumnado de sexto de primaria nos centros de interese do campo e da cidade. No traballo tamén se analizou e contrastou a visión destes dous ámbitos no alumnado de primaria e particularmente entre os estudantes de ámbito rural fronte aos de ámbito urbano (*Achega ao léxico dispoñible do galego nos centros de interese do campo e da cidade*, Laura Veiga Carril).

Liña 2: *Cambio lingüístico e contacto de lingua na xuventude*

Investigador responsable: Xosé Luís Regueira Fernández

O equipo encargado desta liña desenvolveu durante 2019 as seguintes actividades:

1. Transcribíronse gravacións existentes de falantes que reúnen os requisitos de idade.
2. Realizáronse gravacións con falantes do grupo de idade seleccionado.
3. Comezouse neste ano a transcribir textos orais das redes sociais, en especial de canles de youtube, de falantes que reúnen as condicións requiridas, debido á necesidade de incorporar textos con contidos innovadores sobre os previamente tratados. Os textos transcritos foron incorporados ao CORILGA, aliñados e etiquetados.
4. Realizáronse análises previas para o estudo das innovacións e dos efectos do contacto co español e entre as variedades da lingua galega, así como os elementos, no caso

de os haber, tomados da lingua portuguesa. Algúns resultados foron mostrados, no marco de presentacións máis amplas, en xornadas e congresos en Lisboa, Santiago de Compostela e Aveiro e está prevista unha presentación na Universidade de Zürich. Ademais, algúns resultados están incorporados nun artigo publicado na *Revista Galega de Filoloxía* da Universidade da Coruña, así como noutras publicacións futuras.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Álvarez de la Granja, María: LEDIGAL. *Variación sociolingüística no léxico dispoñible do galego*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.gal/ledigal/>>
- Álvarez de la Granja, María / Belén López Meirama (2019): "La presencia del español en el léxico disponible del gallego, El centro de interés 'El cuerpo humano'". En *Jornadas de Investigación en Disponibilidad Léxica*, Lleida, Universitat de Lleida, 17-18 de maio de 2019.
- Fernández Rei, Elisa (2019): "Galician and Spanish in Galicia: prosodies in contact", *Spanish in Context* 16:3, 438-461. <<https://doi.org/10.1075/sic.00046.fer>>.
- Fernández Rei, Elisa / Xosé Luís Regueira Fernández (2019): "Cambio lingüístico, ruralidade e creación de novas identidades sociais", *IV Simposium Internacional EDiSo. Voces, silencios e silenciamentos nos estudos do discurso*, Santiago de Compostela, Asociación de Estudios sobre discurso y sociedad, 5-7 de xuño de 2019.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (2019): "Variación fonética, a lingua da esfera pública e estándar oral: entre a lingüística e a política", *Revista Galega de Filoloxía* 20, 119-147.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (2019): "A esfera pública nunha lingua minorizada: contacto, estándar e ideoloxías en Galicia", *I Jornadas em Línguas Minoritárias*, Aveiro (Portugal), 6 de decembro de 2019.
- Regueira Fernández, Xosé Luís / Elisa Fernández Rei (2019): "Contacto y variación fonética en el español de Galicia", *VIII Jornadas Internacionales de Lingüística Hispánica. Raíces y horizontes*, Lisboa, 1-3 xuño de 2019.

18. FERRAMENTA ON-LINE PARA EXPERIMENTACIÓN PERCEPTIVA (FOLERPA)

IP: Elisa Fernández Rei

EQUIPO INVESTIGADOR: Xulio Sousa, Alba Agüete Cajiao

INFORMÁTICA: José Antonio Cutrín Garabal, Miguel Anxo Solla Portela

FINANCIAMENTO: Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (2017-2020).

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/folepa>

RECURSO DIXITAL: <http://ilg.usc.gal/FOLERPA/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

1. Elaboración do novo manual e avances na tradución deste novo manual.
2. Creación dunha páxina web do proxecto.
3. Preparación da estrutura para a tradución da aplicación a distintas linguas.

4. Avances na elaboración dun manual de réplica de experimentos clásicos con FOLERPA (en construción).
5. Avances na xestión dos ‘Termos e condicións de uso’, da ‘Política de datos’ e da política de cookies da aplicación.
6. Incorporación dun equipo asesor externo.
7. Melloras no acceso á aplicación e na súa visualización.
8. Melloras na visualización dos tests.
9. Melloras dalgunhas funcionalidades, como a posibilidade de borrar tests ou a eliminación da obrigatoriedade de marcar unha das respostas como correcta.
10. Resolución de erros, que afectaban a:
 - a. Reprodución dos arquivos de son.
 - b. Uso de teclas na realización dos tests.
 - c. Visualizacións das instrucións.
 - d. Descargas nas táboas de datos dos xuíces.
 - e. Subida de arquivos á aplicación.
11. Avances na implementación de dous diferentes tipos de cálculo do tempo de reacción.
12. Avances na ampliación da tipoloxía de tests, concretamente tests con imaxes.

19. PLATAFORMA DE DOCUMENTACIÓN E ANÁLISE DE DATOS DIALECTAIS PERCEPTIVOS

IP: Xulio Sousa

EQUIPO INVESTIGADOR: Soraya Suárez Quintas, David Rodríguez Lorenzo, Laura Calaza Díaz, Rosa M. Crujeiras e Alberto Rodríguez Casal.

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/plataforma-de-documentacion-e-analise-de-datos-dialectais-perceptivos>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2019

1. Análise de novos datos e elaboración de informes (probos da páxina web de captura)
2. Revisión da páxina web de demostración
3. Comparación de resultados: datos perceptivos e datos de análise dialectométrica

B. PROXECTOS PROMOVIDOS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS

- Carracedo Fraga, Xosé. Grupo de investigación “Estudios Clásicos e Medievais (USC GI-1908)” financiado con axuda a Grupos de Referencia Competitiva da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia 2019-2022 (ED431C-2019/18) Función: Coordinador do grupo.
- Carracedo Fraga, Xosé. Proxecto “Textos técnicos latinos: medicina y gramática entre la Antigüedad tardía y la alta Edad Media”. (PGC2018-093580-B-I00). Período: 2019-2021. IP: Manuel E. Vázquez Buján. Función: Membro do proxecto.
- Carracedo Fraga, Xosé. Proxecto “CODOLGA. Corpus Documentale Latinum Gallaeciae”. CRPIH. IP: José Manuel Díaz de Bustamante. Función: Membro do proxecto.
- Gómez Guinovart, Xavier. Proxecto “DeepReading: Mining, Understanding, and Reasoning with Multilingual Content”, financiado polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e Axencia Estatal de Investigación (RTI2018-096846-B-C21). Universidade de País Vasco. Función: investigador do proxecto.
- López Martínez, María Sol. Proxecto “Corpus de referencia do galego actual (CORGA)”, financiado a través de Convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Período: 2018-2019. Función: codirectora. <<http://www.cirp.gal/corga/>>.
- Pichel, Ricardo. Proxecto “HERES. Patrimonio textual ibérico y novohispano. Recuperación y memoria”, financiado pola Comunidade de Madrid (Ref. 2018-T1/HUM-10230). Universidad de Alcalá. Período: 01/04/2019-30/03/2023. Función: Investigador principal. Financiación: 248.000€.
- Pichel, Ricardo. Proxecto “CHARTA 3.0: de la edición digital a la web semántica”, financiado pola Comunidade de Madrid (Proyectos de I+D para Jóvenes Investigadores de la Universidad de Alcalá 2019, CM/JIN/2019-008). Universidad de Alcalá. Período: 01/01/2020-31/12/2021. Función: Investigador principal. Financiación: 43.010,40€.
- Pichel, Ricardo. Proxecto “Corpus de documentos españoles anteriores a 1900 (CODEA+2020)”, Universidad de Alcalá (Ministerio de Educación y Ciencia, Proyectos I+D FFI2017-82770-P). Dir.: Pedro Sánchez-PrietoBorja. Período: 10/01/2018 - 09/01/2021. Función: Investigador asociado (equipo de investigación). <<http://corpuscodea.es/>>.
- Pichel, Ricardo. Proxecto “Transcribe Estoria”, University of Birmingham. Dir.: Aengus Ward. Período: abril - decembro 2019. Función: Investigador asociado (equipo de investigación). <<https://transcribeestoria.bham.ac.uk/en/>>.
- Pichel, Ricardo. Proxecto “MELE. Da memória escrita à leitura do espaço”. Universidade do Porto. Financiado pola Fundação de Ciência e Tecnologia portuguesa (FCT POCI-01-0145-FEDER-032673). IP: Maria do Rosário Ferreira / José Carlos Miranda. Período: 2018-2021. Función: investigador colaborador.

- Pichel, Ricardo. Proxecto “MELE. Da memoria escrita à lectura do espaço”. Universidade do Porto. Financiado pola Fundação de Ciência e Tecnologia portuguesa (FCT POCI-01-0145-FEDER-032673). IP: Maria do Rosário Ferreira / José Carlos Miranda. Período: 2018-2021. Función: investigador colaborador.
- Pichel, Ricardo. Proxecto “Proyecto STEMMA Do canto à escrita - produção material e percursos da lírica galego-portuguesa”. Universidade de Lisboa. Financiado pola Fundação de Ciência e Tecnologia portuguesa (FCT PTDC/LLT-EGL/30984/2017). IP: Graça Videira. Período: 2018-2021. Función: consultor.
- Pichel, Ricardo. Proxecto “El legado historiográfico de Alfonso X (1270-1350): Teoría histórica, tradiciones literarias y textos inéditos” (Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades; Ref. PGC2018-097250-B-I00). IP: Francisco Bautista. Periodo 2019-22. Función: investigador (equipo de trabajo).
- Pichel, Ricardo. Proxecto "7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las Siete Partidas. Ediciones históricas". Universidad de Valladolid. Financiado por el Ministerio de Educación y Ciencia (FFI2016-75014-P). IP: José Manuel Fradejas Rueda. Periodo: 2016-2019. Función: investigador colaborador (equipo de trabajo). <<http://7partidas.hypotheses.org>>.

Consultas da páxina web do centro

Enderezo web	Usuarios	Visitas	Páxinas vistas
Web do ILG http://ilg.usc.gal/gl	57.702 58.038 novos	64.434	88.177
Cartografía dos Apelidos de Galicia http://ilg.usc.gal/cag/	20.426 20.106 novos	30.508	161.051
Dicionario de pronuncia da lingua galega http://ilg.usc.gal/pronuncia/	12.056 11.761 novos	21.970	159.518
Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués http://ilg.usc.es/Tesouro/	2.701 2.658 novos	8.442	50.172
Índices do Atlas Lingüístico Galego http://ilg.usc.gal/indices/	3.989 3.970 novos	4.919	14.551
Arquivo do Galego Oral http://ilg.usc.gal/ago/	1.945 1933 novos	2.582	4.036
Portal de Ditados Tópicos Galegos http://ilg.usc.gal/ditados/	1.362 1.359 novos	1.665	5.445
FOLERPA http://ilg.usc.gal/FOLERPA/	786 783 novos	1.198	6.669
Ránking dos 10 nomes máis populares en Galicia (2000-2014) http://ilg.usc.gal/nomes_galicia/	424 423 novos	443	743
AMPER-Galicia http://ilg.usc.gal/amper/	404 403 novos	443	1.408
CORILGA	180 175 novos	506	1.055
Evolución dos 10 nomes máis populares en Galicia entre 2000 e 2015 http://ilg.usc.es/nomes_evolution/	164 164 novos	197	347

Organización de cursos, conferencias e encontros lingüísticos

A. SEMINARIO REFLEXIVIDADE SOCIOLINGÜÍSTICA: CONCEPCIÓNS E CAMBIOS SOCIOCULTURAI

Seminario
**REFLEXIVIDADE SOCIOLINGÜÍSTICA:
CONCEPCIÓNS E CAMBIOS SOCIOCULTURAI**
HÉCTOR MUÑOZ CRUZ

30 e 31 de xaneiro (10.00-13.30 h) e 1 de febreiro de 2019 (10.00-13.00 h)
Sala de Videoconferencias B03 - Facultade de Filoloxía (Universidade de Santiago de Compostela)

 Héctor Muñoz Cruz, doutor en Lingüística polo Colegio de México, é profesor da Área de Lingüística da Universidad Autónoma Metropolitana (Unidad Iztapalapa) de México, onde dirige a revista *Signos Lingüísticos*. É autor de numerosas e relevantes publicacións sobre sociolingüística e interculturalidade, con especial atención ao ámbito da educación e ás linguas faladas en México. No Seminario que obceca analizará a importancia, a natureza e a estrutura léxico-discursiva de razoamentos, actitudes e algunhas outras formas de cognición social sobre a diversidade lingüística e comunicación intercultural expresadas en actividades reflexivas de falantes e de institucións que deseñan e administran políticas da linguaxe.

CONTIDOS

- 1 Deseños sociolingüísticos do multilingüismo
 - 1.1 Intencionalidade e reflexividade, como mecanismos básicos da comunicación
 - 1.2 Tipoloxía de conflitos interculturais
- 2 Etnografía de conflitos socioculturais en dominios sociais
 - 2.1 Estrutura de regulacións por dominios sociais: tópicos, roles e regras
 - 2.2 Accións verbais e accións non verbais
 - 2.3 Significados individuais e institucionais
- 3 Reflexividade sociolingüística
 - 3.1 Cognicións, avalacións e regulacións
 - 3.2 Políticas de linguaxe como mecanismos reflexivos

INSCRIPCIÓN
A inscrición é gratuíta. As persoas que desexen participar deben cubrir o formulario dispoñible na páxina web do ILG: <http://ilg.usc.gal/actividades/seminario-hector-munoz-cruz>

ORGANIZACIÓN

- Instituto da Lingua Galega e Grupo de Investigación Filoloxía e Lingüística Galega (FILGA), Universidade de Santiago de Compostela
- Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada

 USC INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

33

O 30 e 31 de xaneiro de 2019 celebrouse no Instituto da Lingua Galega un seminario cuxo propósito foi analizar a importancia, a natureza e a estrutura léxico-discursiva de razoamentos, actitudes e algunhas outras formas de cognición social sobre a diversidade lingüística e a comunicación intercultural que se expresan en actividades reflexivas de falantes e de institucións que deseñan e administran políticas da linguaxe.

ORGANIZACIÓN: Instituto da Lingua Galega e Grupo de Investigación Filoloxía e Lingüística Galega (FILGA), Universidade de Santiago de Compostela; Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada.

IMPORTE: Héctor Muñoz Cruz

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/actividades/seminario-hector-munoz-cruz>

O seminario estruturouse nos seguintes módulos:

1. Deseños sociolingüísticos do multilingüismo
 - 1.1. Intencionalidade e reflexividade, como mecanismos básicos da comunicación
 - 1.2. Tipoloxía de conflitos interculturais
2. Etnografía de conflitos socioculturais en dominios sociais
 - 2.1. Estrutura de regulacións por dominios sociais: tópicos, roles e regras
 - 2.2. Accións verbais e accións non verbais
 - 2.3. Significados individuais e institucionais
3. Reflexividade sociolingüística
 - 3.1. Cognicións, avaliacións e regulacións
 - 3.2. Políticas de linguaxe como mecanismos reflexivos

B. LATEX PARA LINGÜISTAS



34

Entre o 12 e o 15 de febreiro de 2019 o instituto da Lingua Galega ofreceu o Curso LaTeX para lingüistas.

LaTeX é un sistema sofisticado para a preparación de documentos que separa os labores de introdución do contido e de formato do texto. Ofrece uniformidade de estilo, soporte bibliográfico, seguimento de referencias e grandes capacidades para a estruturación de documentos complexos. LaTeX axúdanos a centrarnos no contido e a non preocuparnos da presentación.

O obxectivo deste curso foi ofrecer unha introdución ao sistema de composición de textos LaTeX.

ORGANIZACIÓN: Instituto da Lingua Galega

DOCENTE: Vitor Míguez Rego

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/actividades/latex-para-linguistas>

O curso estruturouse nos seguintes módulos:

1. Introducción a LaTeX
 - 1.1. Presentación: que (non) é LaTeX?
 - 1.2. Principios básicos de LaTeX
 - 1.2.1. Tipos de comandos
 - 1.2.2. Crear un documento
 - 1.2.3. Opcións básicas de formato
 - 1.2.4. Figuras e táboas

- 1.3. A tese en LaTeX
 - 1.3.1. O tipo de documento
 - 1.3.2. Estrutura do documento: partes da tese e organización dos ficheiros
 - 1.3.3. Cabeceiras e rodapés
 - 1.3.4. Algúns paquetes útiles
- 2. LaTeX para lingüistas
 - 2.1. Fontes fonéticas con TIPA
 - 2.2. Árbores sintácticas con qtree
 - 2.3. Exemplos enumerados e glosas con ExPex
- 3. Bibliografía en LaTeX
 - 3.1. Xestión de información bibliográfica con BibTeX e Zotero
 - 3.2. A introdución das referencias en LaTeX: o paquete biblatex
 - 3.2.1. Opcións do paquete
 - 3.2.2. Principais comandos
 - 3.3. Citas con csquotes


C. CURSO: SOCIOLINGÜÍSTICA CUANTITATIVA: PRESUPOSTOS TEÓRICOS E ANÁLISE DE DATOS NO PROGRAMA GOLDVARB

CURSO

Sociolingüística cuantitativa:
presuostos teóricos e análise de datos
no programa Goldvarb

Impartido pola profesora Márluce Coan (Univ. Federal do Ceará)

25, 26 e 27 de febreiro de 2019
Instituto da Lingua Galega

 USC INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

A profesora Márluce Coan, da Universidade Federal do Ceará, impartiu os días 25, 26 e 27 de febreiro no Instituto da Lingua Galega un curso no que explicou o funcionamento do programa Goldvarb para a análise de datos de variación sociolingüística.

ORGANIZACIÓN: Instituto da Lingua Galega (ILG) e Grupo de Investigación Filoloxía e Lingüística Galega (FILGA), Universidade de Santiago de Compostela.

DOCENTE: Márluce Coan

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/actividades/curso-sociolinguistica-cuantitativa>

CONTIDOS:

25/02/2019

- Pressupostos teóricos para análise quantitativa (heterogeneidade sistemática, variável/variantes, condicionamentos linguísticos/extralinguísticos e células sociais).
- Relevância de estudos quantitativos (encaixamento sociolinguístico e relación com mudança linguística).
- Apresentação do programa estatístico Goldvarb X (análise univariada *versus* análise multivariada).

26/02/2019

- Arquivo de dados (fatores de especificação e codificação).
- Arquivo de condições (amalgamação de fatores e eliminación de fatores ou grupos de fatores).
- Arquivo de células (valor de aplicación, variável binária/eneária, nocaute, análise percentual e cruzamentos de variáveis).

27/02/2019

- Análise multivariada (logaritmo de verossimilhança, significância e pesos relativos).
- Interpretación dos resultados (grupos de fatores significativos e ordem de significância).
- Correlação entre pressupostos teóricos e resultados estatísticos.
- Apresentação de resultados em tabelas e/ou gráficos.

D. XXXII CURSO DE LINGUA E CULTURA GALEGAS “GALEGO SEN FRONTEIRAS”

36



Do 2 ao 24 de xullo desenvolveuse en Santiago de Compostela a *XXXII Edición dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas*, organizados polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña. Asistiron 70 estudantes procedentes de 20 países.

Os cursos, dirixidos por Henrique Monteagudo e Xosé Luís Regueira, organizáronse en tres niveis: nivel elemental, nivel medio e curso superior de lingüística e de literatura galegas.

Ademais das clases de lingua, realizáronse actividades de ampliación cultural, que consistiron fundamentalmente en conferencias sobre literatura, historia e outros eidos da realidade sociocultural de Galicia, así como visitas a lugares de interese natural e histórico de Galicia.

A docencia e palestras desenvolvéronse nas Facultades de Filosofía e mais de Xeografía e Historia da USC. A secretaría, localizada no ILG, correu a cargo de Liliana Martínez Calvo, da Real Academia Galega. A bibliotecaria do ILG, Florentina Xouvanova, encargouse de que o alumnado puidese acceder aos fondos da biblioteca. Os investigadores do ILG Daniel Amarelo Montero, José Manuel Dopazo, Vitor Míguez, Elisa Fernández Rei e Ramón Mariño impartiron docencia nestes cursos.

E. SIMPOSIO ILG 2019: LINGUA, PATRIMONIO E COÑECEMENTO TRADICIONAL



O Simposio ILG 2019 *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*, celebrado entre o 5 e o 7 de novembro, tivo por obxectivo xeral poñer en valor o patrimonio inmaterial e sensibilizar arredor da necesidade da súa recollida, protección, promoción e desenvolvemento, con especial atención ao patrimonio da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

COMITÉ ORGANIZADOR: Rosario Álvarez, María Álvarez de la Granja, Marta Negro Romero, Nereida Prada Piñeiro, Raquel Vila-Amado

COMITÉ CIENTÍFICO: Carlota de Benito Moreno (Universidade de Zurich), Raísa Gillier (Universidade de Lisboa), Carolina Julià Luna (Universidade Nacional de Educación a Distancia), Cristina Sánchez-Carretero (Centro Superior de Investigacións Científicas), Mailson dos Santos Lopes (Universidade Federal da Bahia), Xerardo Pereiro (Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro), Xulio Sousa (Universidade de Santiago de Compostela).

PÁXINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/actividades/simposio-ilg-2019>

PROGRAMA

Martes, 5 de novembro

17:30 **Inauguración**

18:00-18:45 Xulio Sousa (Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela)
Métodos de documentación lingüística e léxico tradicional: á procura de palabras esquecidas

18:45-19:30 Cristina Sánchez-Carretero (Instituto de Ciencias do Patrimonio, Consello Superior de Investigacións Científicas)
Máis alá da división cualitativo/cuantitativo: o traballo de campo etnográfico como proceso metodolóxico

19:30-20:30 **Saberes colectivos: patrimonio e participación social**

-Ana Ruiz-Blanch, Cristina Sánchez-Carretero, Joan Roura-Expósito e José Muñoz-Albaladejo (Instituto de Ciencias do Patrimonio, Consello Superior de Investigacións Científicas)

ParticiPAT: un proxecto sobre participación e patrimonio

-María Masaguer, Paula Ballesteros-Arias, César González-Pérez e Manuel Miguéns (Instituto de Ciencias do Patrimonio, Consello Superior de Investigacións Científicas)

Como contar a memoria do barrio de Vite. O primeiro caso de estudo de Cabila

20:30-21:00 **Coloquio**

Mércores, 6 de novembro

18:00-18:45 María Álvarez de la Granja (Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela)

Un novo recurso para o coñecemento do vocabulario dialectal: Patrimonio léxico da Gallaecia

18:45-20:50 **Seis calas no estudo da variación léxica**

-Rosario Álvarez (Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela)
Patrimonio léxico da Gallaecia (PLG): xeolingüística, diacronía e estandarización

-José Barbosa Machado (Centro de Estudos em Letras, Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro)

O arado no léxico da euronregião da Galiza-Norte de Portugal

-Noelia García e Irma Silva (Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela)

Hai moito peixe no mar: as denominacións da sardiña pequena en Galicia e Portugal

-Eduardo Louredo Rodríguez (Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela)

Léxico da vide en Galicia e norte de Portugal

-David Rodríguez Lorenzo (Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela)

Distribución espacial de variantes do léxico da agricultura no proxecto PLG

-Carlos Silva e Paula Silva (Centro de Linguística da Universidade do Porto)

O todo e as partes: tratamento de hipónimos e hiperónimos nas obras lexicais do Norte de Portugal

20:50-21:15 **Coloquio**

Xoves, 7 de novembro

- 18:00-18:45 Sónia Valente Rodrigues (Centro de Linguística da Universidade do Porto) e Marta Negro Romero (Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela)
Traballar con léxico nas aulas: o programa Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional
- 18:45-19:45 **O programa Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional: tres aplicacións prácticas**
-Pilar Cornes López, Rosa González Carballás, Dolores Míguez Montes e Almudena Suárez Cerviño (IES Mendiño)
Redondela e o mar
-Ivone Monteiro (Escola Básica e Secundária de Rebordosa)
À maneira de artesanía – um pequeno contributo para um grande projeto
-Xulia Marqués Valea (CPI de Vedra)
Bótame un capio
- 19:45-20:45 **Seguimos a voltas co léxico**
-M^a Dolores Alvariño Varela, Francisco Trashorras Lodos e Dolores Vázquez Torrón (CPI Plurilingüe de Navia de Suarna)
Palabras de Noso
-Santiago Veloso (Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas ondas!)
A Ponte co patrimonio
-Carmen Cerviño Gómez (IES Plurilingüe Castro da Uz) e David García San León (Herbario SANT, Universidade de Santiago de Compostela)
O Fitofaladoiro: nomes e usos de plantas na nosa tradición oral. Experiencias en centros educativos
- 20:45-21:00 **Coloquio**
- 21:00-21:45 **Conclusións e clausura**

F. ENCONTROS “QUE ANDAMOS TRAMANDO”

ORGANIZACIÓN: Francisco Dubert García (ILG), María José Rodríguez Espiñeira, Victoria Vázquez Rozas e Xulio Sousa (ILG).

Durante as reunións para a preparación da solicitude da Agrupación Estratéxica DIXITUM, na primavera do ano 2018, ficou patente a desconexión existente entre os diferentes grupos de investigación da Facultade. Esta desconexión tradúcese no descoñecemento dos traballos que se están a realizar; á súa vez, este descoñecemento dificulta as colaboracións posibles. Pensouse, polo tanto, que sería bo que os investigadores da Facultade que traballan en calquera aspecto da Lingüística puidesen encontrar un xeito de se encontrar e compartir o tipo de labor que están a realizar. Como forma de iniciar este proceso, Francisco Dubert, María Xosé Rodríguez Espiñeira, Xulio Sousa e Victoria Vázquez Rozas decidiron propor a realización duns encontros informais co título “Que andamos tramando?”. Estes encontros teñen carácter bimensual. Os participantes exporán algún aspecto da investigación que están a realizar, mostrando os fins que busca, as dificultades que encontra etc. No ano 2019, organizaron as seguintes charlas:

26 de febreiro de 2019.

María José Rodríguez Espiñeira (Departamento de Lingua e literatura españolas, Teoría da literatura e Lingüística xeral), como investigadora sénior, falou sobre os denominados dativos de solidariedade no castelán de Galicia, en galego e noutras linguas.

Vítor Míguez Rego (Departamento de Filoloxía Galega), como investigador predoutoral; falou sobre aspectos da súa tese sobre a modalidade en galego.

23 de abril de 2019.

José Virgilio García Trabazo (Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana), “Sobre la evolución de algunos preverbios y adverbios indoeuropeos hasta las lenguas modernas: univerbaciones y gramaticalizaciones”.

Iván Tamaredo Meira (Departamento de Filoloxías Inglesa e Alemá), “Heterogeneidad gramatical y omisión de pronombres: Diferencias probabilísticas entre variedades del inglés”.

19 de xuño de 2019.

Pilar Lorenzo Gradín (Departamento de Filoloxía Galega), “Entre Filoloxía e Lingüística: unha nova base de datos da lírica galego-portuguesa”.

Cristina Lastres (Departamento de Filoloxías Inglesa e Alemá), “La insubordinación con marcadores condicionales en inglés, francés y español: Una aproximación pragmático-funcional”.

15 de outubro de 2019.

Teresa Sánchez Roura (Departamento de Filoloxías Inglesa e Alemá), “El Camino de Santiago en revistas de viaje: ¿peregrinación o turismo? Una aproximación desde la evaluación lingüística.

Raquel Rivas Cabanelas (Departamento de Lingua e literatura españolas, Teoría da literatura e Lingüística xeral), “Tener+participio no español de Galicia”.

G. I SEMINÁRIO INTERNACIONAL DE ESTUDOS LINGÜÍSTICOS. GALEGO E PORTUGUÊS: O PASSADO PRESENTE

ORGANIZACIÓN: Universidade Federal Fluminense, Instituto da Lingua Galega, Grupo de Pesquisa Galego e Português – GAEPO

Este congreso tivo por obxectivo crear un espazo destinado á reflexión, á discusión e á difusión da investigación sobre o galego e as diferentes variedades do portugués, centrándose fundamentalmente nas abordaxes baseadas no uso. O seminario celebrouse o 5, 6 e 7 de xuño no Campus do Gragoatá da Universidade Federal Fluminense en Niterói (Brasil). O seminario estivo organizado en conferencias, minicursos, mesas redondas e simposios.

A actividade do persoal investigador

A. CONFERENCIAS E COMUNICACIÓNS EN CONGRESOS E ENCONTROS CIENTÍFICOS

- Aguete Cajiao, Alba / Elisa Fernández Rei (2019): “Vowel height variation due to prosodic strengthening” [Póster], *Phonetics and Phonology in Europe. PaPE 2019*, Lecce (Italia), 17-19 de xuño de 2019.
- Álvarez, Rosario (2019): “Xesús Alonso Montero. A vida pola palabra” [laudatio], *Les paysages. Bretagne-Galice*, Rennes, Université Rennes 2 / Consello da Cultura Galega, 8-9 de marzo de 2019.
- Álvarez, Rosario (2019): “Continuidade e diverxencia: tensión xeolingüística na fachada atlántica da Península Ibérica”, *I Seminário Internacional de estudos lingüísticos: Galego e Português, o passado presente*, Niterói-RJ, 5-7 de xuño de 2019.
- Álvarez, Rosario (2019): “A fuego lento. La ansiada gramática de la RAG”, *Gramatikak XXI. mendean - Las gramáticas en el siglo XXI*, Donostia, 11 de xullo de 2019.
- Álvarez, Rosario (2019): "Patrimonio léxico da Gallaecia (PLG): xeolingüística, diacronía e estandarización", *Simposio ILG 2019 Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*, Santiago de Compostela, 5-7 de novembro de 2019.
- Álvarez de la Granja, María (2019): “La presencia del español en el léxico disponible del gallego. El centro de interés ‘El cuerpo humano’”, *Jornadas de investigación en Disponibilidad Léxica*, Lleida, Universitat de Lleida, 17-18 de maio de 2019.
- Álvarez de la Granja, María (2019): “La conceptualización del amanecer y del anoecer en gallego y portugués”, *Congreso internacional EUROPHRAS 2019. Modelos productivos en Fraseología*, Santiago de Compostela, 24-25 xaneiro 2019.
- Álvarez de la Granja, María (2019): "Un novo recurso para o coñecemento do vocabulario dialectal: *Patrimonio léxico da Gallaecia*", *Simposio ILG 2019 Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*, Santiago de Compostela, 5-7 de novembro de 2019.
- Álvarez de la Granja, María (2019): “Análise da flexión verbal en textos de estudantes galegos”, *I Jornadas em Línguas Minoritárias*, Aveiro (Portugal), 6 de decembro de 2019.
- Álvarez Pousa, Concepción (2019): “A variedade valdeorresa do galego oriental e a súa presenza na lingua literaria de Florencio Delgado Gurriarán”, *II Ciclo de conferencias Florencio Delgado Gurriarán*, A Rúa, Ourense, 29 de novembro de 2019.

